

LETRAS
2010



XINCANA
CULTURAL

ESO

PROBA Nº 1 (Ben doada, pero ollo...o resto custaravos!)

PARA COMEZAR ESTA XINCANA SUBIREMOS UNHA GRAN MONTAÑA

Nesta fotografía, do Tour de Francia do ano 1964, aparecen dous ciclistas loitando polo maillot amarelo nos últimos quilómetros dunha etapa con final no alto dun volcán.

A que volcán nos estamos a referir e quen eran eses ciclistas?



[A Imaxe atopámola aquí](#)

"A que campión ciclista lle deron un puñetazo en pleno ascenso a esta mítica cima?"

PROBA Nº 2

SE O ENIGMA RESOLVEDES AGORA PASAREDES XA Á SEGUNDA PROBA

A esa montaña, á que subimos na proba anterior, tamén subiu hai moitos anos o cuñado dun famoso científico para demostrar que a atmosfera pesaba. Quen foi ese científico?



[A imaxe atopámola aquí](#)

PROBA N° 3

A ESTA PROBA ATOPAREDES A SOLUCIÓN SE NO SEU DÍA ATENDÍCHEDES Á EXPLICACIÓN

Tedes que atopar nos fondos da nosa biblioteca un libro
que responde á seguinte pista

82-3G
ANE
sol




Debedes dicirnos

- Nome do autor ou autora e título do libro:
- Que prestixioso premio lle foi concedido por esta obra e en que ano?
- Qué títulos deste autor/a hai nos fondos da nosa biblioteca.

PROBA Nº 4

**ESTA PROBA NON TERÁ DIFICULTADE
SE XUNTOS, EN EQUIPO, A INTENTADES...**

Buscamos un dispositivo electromecánico que nos permite controlar un receptor, mediante o paso de corrente eléctrica polo circuío.



PROBA Nº 5

PARA ESTA PROBA AXIÑA RESOLVER OS CLÁSICOS LIDOS DEBÍADES TER

Está de actualidade o accidente dunha plataforma petrolífera. A marea negra ameaza a desembocadura dun río.

Que escritor do século XIX, do que este ano se conmemora o centenario da súa morte, contou as aventuras dun neno nas beiras dese río?



[A Imaxe atopámola aquí](#)

PROBA Nº 6

PARA ESTAR BEN INFORMADOS OS XORNAIS DEBEDES LER A DIARIO

Hai uns días, enfronte da costa coruñesa, un barco encontrou nas súas redes unha lura xigante.

Cantos quilómetros ten que facer un coche para ir desde Fene até a base do pesqueiro?

Unha pista: mapas, rutas,....



[A imaxe atopámola aquí](#)

PROBA N° 7

SE ESTA PROBA QUERES ACERTAR DENDE O PRINCIPIO TERÁS QUE BUSCAR

Dirixiu as prisións españolas entre 1931 e 1934, crendo firmemente en que as sociedades están obrigadas a recuperar aos delincuentes como persoas activas.

Hoxe, varios institutos de España levan o seu nome.

De quen estamos a falar?

Cita un instituto co nome do noso personaxe e a localidade onde está situado



Plantación de olivos centenarios nun parque que leva o seu nome,
[A imaxe atopámola aquí](#)

PROBA Nº 8

A ESTA XINCANA FALTARÍALLE ALGO SE DALGUNHA CITA NON TIVERAMOS FALADO

Quen dixo....?

"Deixamos de temer aquilo que aprendemos a entender"

Que importantes galardóns e en que anos os recibiu?

Pista: foi a primeira muller en impartir clase na Sorbona de París despois de 650 anos desde a súa fundación.




Rosa que leva o seu nome [A imaxe atopámola aquí](#)

PROBA Nº 9

LE ESTA PROBA CON ATENCIÓN
E SÍLABA A SÍLABA ACADARÁS A SOLUCIÓN

ENCADEADO SILÁBICO DO MUNDO CLÁSICO

- I. Sacerdotisa encargada de anunciar os oráculos de Apolo. ____ ____ ____
- II. Lingua da Antiga Roma. ____ ____
- III. Pai mortal de Helena de Troia. ____ ____ ____ ____
- IV. Morada dos antigos deuses gregos. ____ ____ ____
- V. Historiador grego, autor de "*Historias*". ____ ____ ____
- VI. Etimolóxicamente "estudo ou tratado da vida". ____ ____ ____ ____
- VII. Deusa grega do amor e da beleza. ____ ____ ____ ____
- VIII. Musa da Comedia. ____ ____ ____
- IX. Protagonista da Aliada. ____ ____ ____
- X. Patria da poetisa Safo. ____ ____
- XI. Estreito que comunica o mar Negro e o de Mármara. ____ ____ ____
- XII. Irmán de Remo e fundador de Roma. ____ ____ ____



[A imaxe atopámola aquí](#)

PROBA N° 10

E XA A PIQUES DE REMATAR DUN GRAN PERSONAXE IMOS FALAR

Este ano cómprese 125 anos do falecemento dun personaxe clave na literatura galega.

De quen estamos a falar?

Que libro publicou hai 130 anos?



[A imaxe atopámola aquí](#)

PROBA Nº 11

PERO COMO ÍAMOS REMATAR SEN DE NOVONEYRA FALAR?

No libro "Os eidos 2", o poeta Novoneyra canta ao Courel e no poema "Devesa da Rogueira" cita, na primeira estrofa, algunhas árbores desa fraga.

Cales son?

Na segunda estrofa dese poema, reférese ás "cereixas de" Di o nome desa árbore e procura dous sinónimos da mesma.



[A imaxe atopámola aquí](#)

LETRAS GALEGAS

MARZO 2010



BIBLIOTECA
O segrel
do Penedo